

III FESTIVAL DAS NÚBEBES

FESTIVAL DE ARTES ESCÉNICAS PARA BEBÉS E FAMILIA

Infórmate e consulta a programación seguíndonos en:

facebook

www.facebook.com/festivaldasnubebes

twitter

@nubebes



(* Normas de Participación

- Ten en conta que todas as actividades do programa teñen un **aforamento limitado**, e que o número de prazas dispoñibles dependerá das características de cada unha delas e a idade dos cativos aos que se dirixan
- Para asistir ás actividades, **tanto as que sexan de balde como as que teñan un custe, é necesario a recollida previa de entradas na billeteira do Teatro Principal.**
- As entradas poderán retirarse o mesmo día da función (cun máximo de 4 por persoa e espectáculo) cos seguintes horarios: de 10.00h a 13.00h **para os espectáculos da mañá** e de 16.00h a 19.00h **para os espectáculos da tarde**. Os venres a billeteira só abrirá en horario de tarde
- As actividades de **rúa non requiren entrada**
- Por favor, chega un pouco antes da hora. As actividades programadas comezarán **puntualmente**. Unha vez **iniciada a función non se poderá acceder** ao espazo onde se celebre
- Os **bebés deben ir sempre acompañados** por unha ou dúas persoas adultas
- Todas as actividades son de balde, agás as que teñan un prezo establecido
- As actividades recollidas neste programa poden estar suxeitas a cambios de última hora alleos á organización

III FESTIVAL DAS NÚBEBES

FESTIVAL DE ARTES ESCÉNICAS PARA BEBÉS E FAMILIA

Este que tes nas mans é o programa do Festival das Núbeyes, o evento arredor das artes escénicas para bebés e familia que este ano celebra a súa terceira edición.

Os días 18, 19, 20 e 25, 26 e 27 de setembro, o festival encherá de actividades diferentes lugares da cidade de Pontevedra. O obxectivo é fermoso e sinxelo: ser o punto de encontro no que os nenos e nenas, pais e nais, avos/as... poidan aprender xuntos, compartir experiencias e gozar dun tempo de lecer en familia.

Serán dúas intensas fins de semana cheíñas de cousas bonitas pensadas especialmente para bebés de 0 a 6 anos; teatro, danza, música, obradoiros, contacontos...

Vamos coa terceira edición, benvid@s ao Festival das Núbeyes!

ESPAZOSNUBE

Estes son os lugares nos que haberá actividades:

- 1 Teatro Principal
- 2 Praza do Teucro
- 3 Casa das Campás
- 4 Casa Azul

NUBESALA


Na Casa das Campás hai habilitado un espazo de xogo e descanso de libre acceso. Aberto de 12.00h a 14.00h e de 16.00h a 18.30h.

- S Casa das Campás

PONTENUBE

Podes desconectar nos parques, prazas e zonas de xogos próximos ás actividades.

- P Parques
- C Zonas de xogos



III FESTIVAL DAS NÚBEBES

FESTIVAL DE ARTES ESCÉNICAS PARA BEBÉS E FAMILIA

PONTEVEDRA
18, 19, 20, 25, 26 e 27 DE SETEMBRO 2015

TEATRO, CONTOS, MÚSICA
DANZA E OBRADOIROS

PARA COMPARTIR CŌ TEU BEBÉ



Programa

Venres 18

Inauguración con Roque

18.30h Teatro Principal
Convidados: **Beatriz Campos, La Flauta Mágica e Marcelo Dobode**
Teatro, monicreques, contos e música
Público familiar | Entrada de balde*

Sábado 19

Un berce cheo de contos

11.00h 12.00h 17.00h 18.30h
Casa das Campás
Con **Beatriz Campos e Davide González de Migallas Teatro**
Contos e música
A partir de 6 meses | Entrada de balde*

Percubebés

11.30h e 17.30h (de 0 a 3 anos)
12.30h e 19.00h (de 3 a 6 anos)
Casa Azul
Con **Marcelo Dobode e Arantza Alfaia**
Obradoiro de percusión
De 0 a 6 anos | Entrada de balde*

Chove!

12.00h 13.00h 17.15h 19.00h
Teatro Principal
Titereficiós
Teatro e danza
De 1 a 3 anos | Entrada 3 EUR*

Domingo 20

Roque baila, Roque

11.30h 17.00h 18.00h Casa das Campás
Baobab Teatro
Teatro e contos
De 1 a 3 anos | Entrada de balde*

Obradoiro-concerto de música clásica para bebés

11.30h 12.30h 17.30h 18.30h Teatro Principal
La Flauta Mágica
Música clásica
De 0 a 3 anos | Entrada 3 EUR*

Debuxando Nubes

11.00h 12.30h 17.15h 19.00h. Casa Azul
Con **Ana Seoane**
Obradoiro sensorial e de artes plásticas
De 1 a 4 anos | Entrada de balde*

Venres 25

Biodanza para bebés e familia

18.00h (de 2 meses a 2 anos)
19.00h (de 3 a 6 anos)
Casa Azul
Con **Sara Rodríguez**
Obradoiro de danza
De 2 meses a 6 anos | Entrada de balde*

Programa Apego, ou como transmitirilles o idioma dende o berce. Coa intervención de Roque

19.30h Casa das Campás
Con **Conchi Cochón do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra e Baobab Teatro**
Apego é un programa colectivo creado para fomentar e mellorar a transmisión do galego como lingua inicial
Público familiar | Entrada de balde*

Sábado 26

Ñam

11.30h 17.00h 18.30h Teatro Principal
Caramuxo Teatro
Teatro
De 1 a 6 anos | Entrada 3 EUR*

Imos escoitar, imos contar... imos tocar!

11.30h 12.30h 17.30h Casa Azul
Con **Sonia Carbón**
Obradoiro de masaxes
De 0 a 3 anos | Entrada de balde*

Tendal de arrolos

12.00h 17.15h 18.30h Casa das Campás
L'arpeiras
Música e cantigas con arpa
De 1 a 5 anos | Entrada de balde*

Guerra de almofadas

12.40 h Praza do Teucro
Cada participante (pequenos e grandes) deberá traer o seu coxín ou almofada
Público familiar |

Cantos e danzas en familia

13.00h Praza do Teucro
Marcelo Dobode
Actuación musical de rúa
Público familiar |

Domingo 27

Palma repalma

11.00h 12.00h 17.00h Casa das Campás
Pavís Pavós
Contos, enredos e arrolos
De 6 meses a 4 anos | Entrada de balde*

Biodanza para bebés e familia

11.00h e 17.00h (de 2 meses a 2 anos)
12.00h e 18.00h (de 3 a 6 anos)
Casa Azul
Con **Sara Rodríguez**
Obradoiro de danza
De 2 meses a 6 anos | Entrada de balde*

Alimentación complementaria libre de papiñas (baby-led weaning)

12.30h Casa Azul
Asociación Tetameiga
Charla sobre alimentación saudable
Público familiar | Entrada de balde*

Concerto "A cantar con María Fumaça" e clausura do Festival con Roque

19.00 h Teatro Principal
Familia María Fumaça e Baobab Teatro
Público Familiar | Entrada 3 EUR*



* Por favor, consulta as normas para a recollida de entradas e aforamento dos espazos neste folleto. Graciñas!

Só para profesionais

Venres 18

Imos escoitar, imos contar... imos tocar!

De 18.00h a 21.30h Casa Azul
Con **Sonia Carbón Nóvoa**

Obradoiro para docentes e profesionais que traballen con bebés de 0-3 anos. Trataranse os seguintes temas: Como tocar aos bebés e nenos/as de 0 a 3. O equilibrio a través da alimentación. Medrar con saúde

Venres 25

Papiñas de música

De 18.00h a 21.00h Teatro Principal
Con **Davide González**

A literatura infantil e a música van da man nos primeiros anos de vida. Con elas aprendemos a nomear o mundo que nos rodea e mantemos viva a tradición e cultura dun país. Neste curso poñeremos en valor estas ensinanzas de xeito lúdico e práctico

Sábado 19

Medrar creando. Un universo de posibilidades plásticas para estimular os sentidos

10.00h a 13.30h e de 16.30h a 19.00h
Casa Azul
Con **Begoña Paz**

Espazo de experimentación a través da expresión plástica e visual no que manipularemos diferentes recursos, co fin de deseñar unha actividade artística multisensorial dirixida aos pequenos/as

Sábado 26

Iniciación ao arte de contar contos

De 10.00h a 13.30h e 16.30h a 19.00h
Casa Azul
Con **Beatriz Campos**

Os participantes poderán coñecer os álbums ilustrados, os contos tradicionais e diferentes xeitos de contar

Lembra:

Estes obradoiros para profesionais requiren unha inscrición previa.

Reserva a túa praza escribindo a: inscripcion@baobabteatro.com

Envía o teu **nome, enderezo, teléfono e DNI** indicando a que obradoiro/s te queres apuntar. Se consigues praza recibirás un correo electrónico de confirmación.